

**EXPEDIENTE:** 2023/A002/000004

**ASUNTO:** CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS A COMISIÓNS DE FESTAS OU ASOCIÓNS CULTURAIAS PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTAS PATRONAIS E POPULARES DO CONCELLO DE DODRO DURANTE O ANO 2023

**TRÁMITE:** BASES REGULADORAS

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTAS PATRONAIS E POPULARES DO CONCELLO DE DODRO DURANTE O ANO 2023**

### **1. OBXECTO E FINALIDADE**

1. O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas ás comisións de festas ou asociacións culturais do Concello de Dodro que organicen as festas patronais ou populares de tradición e arraigo no concello.

2. Esta subvención ten por finalidade favorecer a iniciativa veciñal organizada, mediante comisións de festas ou asociacións culturais do Concello de Dodro, para que desenvolvan eventos de natureza participativa do concello, concretamente, as súas festas patronais ou populares tradicionais. Búscase promover deste xeito a cultura popular e a tradición festiva do concello.

Pertence á liña única da Area 3 “Xuventude e relacións veciñais”, do Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Dodro.

3. As axudas consistirán nunha achega económica ás comisións ou asociacións culturais do Concello de Dodro que organicen as festas patronais, populares e tradicionais do concello para que realicen, dentro da celebración da festa popular de que se trate, actividades ou espectáculos lúdicos ou festivos, os cales deberán estar abertos a toda a veciñanza de xeito gratuíto e desenvolverse en lugares de uso público ou veciñal.

### **2. IMPORTE DAS AXUDAS E FINANCIAMENTO**

1. O importe total destinado a estas axudas será de 5.000,00 euros, que actúa como máximo. Esta cantidade será repartida por partes iguais entre todas as entidades solicitantes que soliciten a subvención e que cumpran os requisitos establecidos nestas bases, e na normativa vixente, para obtela.

2. Estas subvencións financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 333/48000 “Festas populares e festexos”, do Orzamento xeral municipal do ano 2023.

### **3. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as comisións de festas ou asociacións culturais que organicen o programa de actividades das festas patronais e populares do Concello de Dodro, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Estar domiciliadas no Concello de Dodro, ter este concello como ámbito de actuación e desenvolver as súas actividades regularmente nel.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a

axuda.

- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais e, autonómicas, co concello, e coa seguridade social.
- f) Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- g) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil para a realización da actividade ou actividades da festa obxecto da subvención e ter presentado declaración responsable para a actividade e festa, que non fora denegada.

#### **4. GASTO SUBVENCIONABLE**

Terá a consideración de gastos subvencionables os gastos derivados da organización e contratación polas beneficiarias, no período subvencionable, de servizos ou actividades de carácter festivo ou lúdico, dentro do programa das festas populares ou patronais que celebren.

Isto pode incluír os gastos de contratación de actividades musicais e culturais, sexa a contratación directa ou por intermediario; o alugamento de infraestruturas; dereitos de autor; publicidade da propia actividade, e pirotecnia.

O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable, segundo as normas contables e os prezos normais de mercado.

#### **5. PERÍODO SUBVENCIONABLE**

Poderán imputarse a estas axudas os gastos realizados referidos na base anterior, realizados polas comisións ou asociacións entre o 1 de xuño de 2023 e o 30 de setembro de 2023.

Estes gastos deberán estar efectivamente pagados antes do 15 de outubro de 2023.

#### **6. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS**

Esta subvención será compatible con calquera outras axudas ou subvencións que se concedan á comisión ou asociación solicitante por outras administracións, entes públicos ou entidades privadas para a mesma ou análoga finalidade. Neses casos, o importe do conxunto de axudas ou subvencións de carácter público non poderá ser superior ao orzamento presentado da dita comisión/asociación.

O incumprimento das condicións establecidas para a concesión destas axudas, xerará unha obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida.

#### **7. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

As asociacións ou comisións de festas interesadas en participar nesta convocatoria terán que presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de axuda no modelo que se achega como **Anexo I**, que deberá estar asinada por quen exerza a Presidencia da comisión/asociación, ou cargo equivalente, e que implica o sometemento pleno a estas bases.

- DNI do solicitante e CIF da comisión ou asociación organizadora das festas.
- Declaración responsable da persoa asinante da solicitude (**Anexo II**) sinalando:
  - Se a entidade solicitou ou obtivo doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, e, en caso afirmativo, a contía dela;
  - Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos na base terceira, incluído non ter pendentes obrigas tributarias e coa Seguridade Social;
  - Que autoriza expresamente ao Concello de Dodro a comprobar os datos identificativos e fiscais, así como que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos da lexislación de subvencións.

Isto, sen prexuízo de ter que presentar a documentación acreditativa de calquera destes extremos, no caso de ser esixida.
- Memoria das actividades realizadas co gallo da festa popular ou patronal para a que se solicita a axuda (**Anexo III**), na que conste:
  - Identificación da festa popular ou patronal: denominación, parroquia, lugar e data ou datas de celebración.
  - Declaración da realización efectiva da actividade ou actividades obxecto da subvención.
  - Descrición concreta da actividade ou actividades realizadas, identificando os seus obxectivos; o lugar de realización; datas e horarios; destinatarios potenciais; participantes finais; responsable da actividade e resultados obtidos. No caso de que foran varias as actividades programadas dentro da mesma festa, procurárase describir cada unha delas, dentro do posible.
  - Xustificación gráfica da actividade (fotografías, vídeos).
  - Exemplos da publicidade (impresa, informática ou audiovisual) realizada na actividades ou investimentos subvencionados, onde quede claro o uso da lingua galega e conste a colaboración do Concello de Dodro.

Esta memoria deberá estar asinada pola persoa representante da asociación/comisión de festas solicitante.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade solicitante, na que consten os membros da comisión/asociación con expresión de nome, DNI e cargo que ocupa na comisión ou asociación (**Anexo V**).
- Declaración detallada e clasificada dos gastos subvencionables (**Anexo IV**).

## 8. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN

A solicitude (Anexo I) e o resto de documentación que debe acompañarse a ela (Anexos II, III, IV e V) deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, a través da súa sede electrónica ou de forma presencial, ou ben por calquera dos medios e lugares previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

O prazo para a presentación das solicitudes será de **cinco días naturais** a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

## 9. RESOLUCIÓN

As solicitudes que cumpran cos requisitos previstos nestas bases serán propostas pola Área de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais, trala súa análise, para a súa resolución en sentido favorable.

O Concello poderá requirir ás solicitantes para que acheguen tanta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a solicitude realizada, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados nela ou na documentación presentada para a xustificación da achega, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

A resolución de concesión ditarase no prazo máximo dun mes dende a finalización do prazo para a presentación das solicitudes. Esta resolución deberá conter a relación das entidades solicitantes que resulten beneficiarias e o importe concedido a cada unha, así como a desestimación do resto de solicitudes, indicando o motivo. Contra a desestimación expresa poderá formularse os recursos que procedan.

## 10. PUBLICIDADE

Estas bases e a convocatoria publicarase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello (<https://sede.dodro.gal/sxc/gl/informacion/tablon/>), e un extracto delas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A publicación dos actos posteriores, incluídas as resolucións do procedemento, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello, o que producirá o efecto de notificación colectiva, segundo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 11. XUSTIFICACIÓN

Publicada a resolución de concesión da subvención na forma establecida na base anterior, as entidades beneficiarias terán un prazo de 3 días hábiles para xustificar a realidade do gasto subvencionado.

A xustificación realizarase mediante a achega da seguinte documentación acreditativa do gasto realizado na actividade ou actividades para a que se concedeu a subvención. Esta documentación poderá ser achegada coa solicitude.

- Certificado bancario do número IBAN da conta titularidade da asociación/comisión beneficiaria na que se vaia realizar o pagamento, ou documentación xustificativa bancaria análoga.
- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto, que serán, necesariamente, os mesmos que foron motivo da subvención.

Achegarase con elas unha relación ordenada delas, na que se indicará o número de factura e a súa data, o nome e CIF do provedor, o concepto facturado e a data da súa realización, o importe da factura con detalle de IVE, e a data do pagamento material. A beneficiaria deberá figurar obrigatoriamente como destinataria da factura.

- Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 €, sen que poidan ser obxecto de fraccionamento, e neste caso no documento deberá aparecer xustificada a recepción do importe por parte do

emisor.

## 12. PAGO

Unha vez xustificada a subvención, realizarase o aboamento da cantidade correspondente mediante transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria.

No caso de que a cantidade xustificada sexa inferior á concedida, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

## 13. REGULACIÓN SUPLETORIA

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión desta subvención regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de Execución do Orzamento do Concello de Dodro.

## 14. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións, así como os datos procedentes das solicitudes e concesións ou denegacións, aos ficheiros correspondentes do Concello e da Deputación, quedando a salvo todos os dereitos dos titulares sobre eles.

## 15. FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo dos dous meses dende a dita notificación.

## ANEXO I SOLICITUDE DE AXUDA

### DATOS DO SOLICITANTE

ASOCIACIÓN OU COMISIÓN DE FESTAS	
CIF/ NIF	
ENDEREZO	

LOCALIDADE	
C.P.	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	

#### **DATOS DO REPRESENTANTE**

APELIDOS E NOME	
DNI/ NIE	
EN CALIDADE DE	

#### **SOLICITA**

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria das axudas do concello de Dodro, no marco do PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS DA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Esta solicitude implica o sometemento pleno ás condicións das bases da convocatoria.

Coa solicitude achégase a seguinte documentación:

- DNI do solicitante e CIF da comisión ou asociación organizadora das festas.
- Anexo II (Declaración responsable)
- Anexo III (Memoria descritiva das actividades do programa das festas populares ou patronais para as que se pide a subvención)
- Anexo IV (Certificación dos membros da comisión/asociación)
- Anexo V (Declaración detallada e clasificada dos gastos subvencionables)
- Outra: \_\_\_\_\_

En Dodro,      de      de 2023

Asinado:

**AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO**

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./Dna. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, en  
calidade de \_\_\_\_\_ da \_\_\_\_\_  
Comisión/Asociación  
\_\_\_\_\_ con CIF/NIF \_\_\_\_\_

**DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:**

- Esta comisión/asociación solicitou axuda doutro/s organismo/s para a mesma fin: (si/non) \_\_\_\_\_
- Contía que obtivo por outras axudas ou subvencións: \_\_\_\_\_
- Que a asociación/comisión reúne os requisitos para ser beneficiario das axudas obxecto desta convocatoria.
- Que dispón de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- Que carece de fins de lucro.
- Que desenvolve as súas actividades no Concello de Dodro
- Que non ten pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o Concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- Que está ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa seguridade social, segundo a base terceira, letra e) da convocatoria.
- Que non está incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para recibir axudas ou subvencións públicas, segundo a base terceira, letra f) da convocatoria.
- Que dispón dun seguro de responsabilidade civil para a realización da actividade ou actividades da festa obxecto da subvención e presentou a declaración responsable para a actividade e festa, e esta non foi denegada.

En Dodro, de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.:

**ANEXO III**

**MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DAS FESTAS POPULARES OU PATRONAIS PARA AS QUE SE PIDE A SUBVENCIÓN**

D./Dna. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, en  
calidade de \_\_\_\_\_ da \_\_\_\_\_  
Comisión/Asociación  
\_\_\_\_\_ con CIF/NIF \_\_\_\_\_ declaro que se levou  
a cabo a seguinte actividade dentro do programa da festa popular ou patronal que se  
describe, e para a cal se solicita a subvención:

FESTA	
-------	--

DATA	
LOCALIDADE	

ACTIVIDADE/S REALIZADA/S	
DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS	
LUGAR/ES DE REALIZACIÓN	
DATAS DE REALIZACIÓN	
DESTINATARIOS E PARTICIPANTES	
RESPONSABLE DA ACTIVIDADE	
RESULTADO	

En Dodro de de 2023

Asdo.:

#### ANEXO IV

#### CERTIFICACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN/ASOCIACIÓN

D./Dna. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, como secretario/a da Comisión/Asociación \_\_\_\_\_,

Certifico que os membros que forman parte desta Comisión/Asociación son os seguintes:

NOME	NIF	CARGO



En Dodro,        de        de 2023  
Asdo.

**ANEXO V**  
**DECLARACIÓN DETALLADA E CLASIFICADA DOS GASTOS SUBVENCIONABLES**

<b>Nº</b>	<b>GASTO</b>	<b>FACTURA (Número e data)</b>	<b>PROVEDOR (Nome e CIF)</b>	<b>CONCEPTO FACTURADO</b>	<b>IMPORTE (IVE detallado)</b>	<b>DATA DO PAGAMENTO</b>
1						
2						
3						
4						
...						

Achéganse:

- Xustificantes bancarios do pagamentos das facturas relacionadas
- Certificación bancaria a nome co IBAN da conta titularidade da asociación/comisión beneficiaria na que se vaia realizar o pagamento.